

## **BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA BETANZOS 1926-2026**

Concurso fotográfico dirixido a alumnado de ESO, FP e Bacharelato dos tres centros de ensino de Betanzos (IES As Mariñas, IES Francisco Aguiar e CPR Grande Obra de Atocha).

### **1. OBXECTO E FINALIDADE**

O presente concurso ten como finalidade fomentar o coñecemento do patrimonio histórico e a reflexión sobre a evolución urbana, social e cultural de Betanzos a través da fotografía.

O alumnado participante deberá **reproducir na actualidade unha das fotografías realizadas en Betanzos pola fotógrafa estadounidense Ruth Matilda Anderson** (estas serán facilitadas previamente aos centros).

Cada imaxe actual deberá ir acompañada dun **breve texto explicativo (entre 50 e 300 palabras), en lingua galega**, no que se describan as transformacións experimentadas polo espazo retratado.

### **2. PARTICIPANTES**

Poderá participar o alumnado matriculado nos centros educativos de Betanzos nas seguintes categorías:

- a) 1º e 2º da ESO
- b) 3º, 4º da ESO e FPB
- c) Bacharelato, ciclos medios e ciclos superiores

A participación poderá ser **individual** ou **grupal**.

Establecerase un premio para a mellor proposta presentada de forma individual e outro premio para a mellor proposta presentada de forma grupal en cada categoría.

### **3. REQUISITOS DAS OBRAS**

- a) Cada participante poderá presentar unha única fotografía.
- b) A imaxe deberá respectar o encadre e a localización da fotografía orixinal na medida do posible.
- c) Admitiranse fotografías realizadas con cámara dixital ou teléfono móbil.
- d) As imaxes presentaranse en formato dixital (JPG ou PNG).
- e) O texto explicativo entregarase en formato PDF.

Non se admitirán traballos que non se correspondan coa temática establecida.

### **4. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN**

A entrega deberá realizarse **antes do 29 de abril de 2026**.

As obras presentaranse a través do seguinte correo electrónico:

**ruth.matilda.anderson.betanzos@gmail.com**

Deberá indicarse no correo electrónico o **nome completo do autor ou autora da fotografía, o curso e o centro no que está a cursar estudos.**

## **5. CRITERIOS DE VALORACIÓN**

O xurado valorará:

- Fidelidade e recreación da fotografía orixinal.
- Calidade técnica e artística da imaxe.
- Capacidade de observación das mudanzas.
- Claridade, coherencia e interese do texto explicativo.
- Creatividade na presentación.

## **6. XURADO**

O xurado estará composto por representantes do Concello, do ámbito cultural e educativo e/ou persoas expertas en fotografía e patrimonio.

A decisión do xurado será inapelable.

## **7. PREMIOS**

Concederáse un premio por cada categoría.

Os traballos gañadores serán expostos no Edificio Liceo de Betanzos. A organización poderá conceder mencións especiais se o xurado así o considera.

## **8. DEREITOS DE IMAXE E DIFUSIÓN**

As persoas participantes autorizan ao Concello de Betanzos á reprodución e difusión das obras presentadas con fins culturais, educativos e divulgativos, sempre sen ánimo de lucro e citando a autoría.

No caso de aparecer persoas recoñecibles nas fotografías, deberá contarse coa correspondente autorización. Se se trata de persoas menores de idade, a autorización deberá ser asinada pola nai, pai ou titor/a legal.

## **9. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación no concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases.